

G-ANEXO VII: GLOSARIO DO SISTEMA EDUCATIVO

- **BACHAREL:** Título que se obtén o acadar os obxectivos fixados para o Bacharelato e que permite o acceso á Formación Profesional Específica de Grao Superior e a estudos universitarios unha vez superada unha proba de acceso.
- **BACHARELATO:** Etapa educativa que abrangue dende os 16 ós 18 anos de idade, abrangue dous cursos académicos e ten como finalidade unha formación xeral da/o alumna/o, así como preparación para o acceso á Universidade ou á Formación Profesional Específica de Grao Superior.
- **CICLOS FORMATIVOS:** Conxunto de ensinanzas de carácter modular e duración variable nas que se organiza a Formación Profesional Específica
- **EDUCACIÓN INFANTIL:** Primeira etapa do Sistema Educativo Español, de carácter voluntario que abrangue dende os 0 os 6 anos.
- **EDUCACIÓN PRIMARIA:** Primeira etapa de carácter obrigatorio do Sistema Educativo Español que abrangue dende os 6 ós 12 anos de idade.
- **EDUCACIÓN SECUNDARIA POSTOBRIGATORIA:** A Educación Secundaria Postobrigatoria comprende as etapas educativas do Bacharelato e a Formación Profesional Específica de Grao Medio.
- **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:** Etapa do Sistema Educativo Español que abrangue dende os 12 ós 16 anos e que xunto coa Educación Primaria constitúe a educación obrigatoria.
- **EDUCACIÓN SECUNDARIA:** A Educación Secundaria abrangue tres etapas do Sistema Educativo: a Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional Específica de Grao Medio.
- **ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL:** As ensinanzas de réxime especial do Sistema Educativo Español comprenden as ensinanzas Artísticas e as Ensinanzas de Idiomas.
- **ENSINANZAS DE RÉXIME XERAL:** As ensinanzas de réxime xeral do Sistema Educativo Español comprende a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria (Secundaria Obrigatoria e Secundaria Postobrigatoria), Formación Profesional Específica de Grao Superior e a Educación Universitaria.
- **FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA:** A Formación Profesional Específica está composta por un conxunto de ciclos formativos de formación teórico – práctica que teñen como finalidade preparar a/o alumna /o para a súa actividade nun campo profesional.

- **GRADUADA/O EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:** Título que se obtén unha vez acadados os obxectivos marcados para a Educación Secundaria Obrigatoria
- **LOXSE:** Lei Orgánica 1/1990 do 3 de outubro de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.
- **MÓDULOS:** Bloque coherente de contidos das ensinanzas de Formación Profesional Específica definidos pola LOXSE
- **PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL:** Os programas de garantía social constitúen unha medida de atención á diversidade destinada a aquelas/es alumnas/os que tendo cumprido os 16 anos e menores de 21 non teñan acadados os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, así proporcionarlles unha formación profesional básica que a/o capacitará para a inserción no mundo laboral ou para proseguir os estudos.
- **SISTEMA EDUCATIVO:** Modo ou forma en que se regula a educación nun país. O Sistema Educativo Español está composto por ensinanzas de réxime xeral e ensinanzas de réxime especial. Está regulado actualmente pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE).
- **TÉCNICA/O:** Título que se obtén ó rematar os estudos de Formación Profesional Específica de Grao Medio e que permite o acceso directo ás distintas modalidades do Bacharelato ou a inserción no mundo laboral.
- **TÉCNICA/O SUPERIOR:** Título que se obtén ó rematar os estudos de Formación Profesional Específica de Grao Superior e que permite o acceso directo ós estudos universitarios que teñan relación cos estudos de formación profesional correspondentes ou á inserción no mundo laboral.